


Cadro 4.28
Distribución provincial de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún. Campaña 2007

Provincia	Produtores		Dereitos		Dereitos por produtor
	Número	%	Número	%	
A Coruña	316	10,17	11.807,00	7,96	37,36
Lugo	927	29,83	43.390,00	29,24	46,81
Ourense	1.345	43,28	82.139,00	55,35	61,07
Pontevedra	520	16,73	11.075,00	7,46	21,30
Galicia	3.108	100,00	148.411,00	100,00	47,75

As explotacións de ovino-cabrún, tanto no relativo a produtores 1.345 (43,28 %) como a dereitos de prima 82.139 (55,35 %) concéntranse na provincia de Ourense, que tamén ten a maior cantidade de dereitos por explotación, 61,07.

Gráfico 4.6
Distribución provincial de produtores e dereitos de prima por ovino-cabrún. Campaña 2007



No cadro e nos dous gráficos seguintes resúmese a distribución de produtores e dereitos de ovino-cabrún segundo o tamaño da explotación, indicado en número de dereitos por produtor, para a campaña 2007 en Galicia. Ponse en evidencia o reducido tamaño dun alto número de explotacións, o que condiciona a súa rendibilidade e viabilidade. Unicamente un 11,58% das explotacións, cun 55,70 % dos dereitos, teñen máis de 100 dereitos por explotación. Noutro extremo, 1.740 explotacións (55,99%) con 21.429 dereitos (14,44%) teñen menos de 20 dereitos por produtor.

Cadro 4.29
Distribución de produtores e dereitos segundo dereitos por produtor. Campaña 2007

Rango (nº de dereitos)	Produtores		Dereitos	
	Número	%	Número	%
De 1 a 10	546	17,57	3.995	2,69
De 10 a 20	1.194	38,42	17.434	11,75
De 20 a 50	689	22,17	21.657	14,59
De 50 a 100	319	10,26	22.659	15,27
Máis de 100	360	11,58	82.666	55,70
Total	3.108	100,00	148.411	100,00




Grafico 4.7
Distribución de produtores e dereitos de ovino-cabrún segundo dereitos por produtor. Campaña 2007

A estrutura produtiva do sector é fráxil pero relativamente estable no correspondente aos dereitos totais dos produtores, aínda que o número destes diminúe. Do ano 2006 ao 2007 abandonaron a actividade 199 produtores (6,04%) e produciuse un descenso en dereitos de 3.801 (2,49%), fundamentalmente pola non utilización na solicitude de primas

Nos últimos sete anos a evolución do número de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún indícase no cadro e gráfico seguintes.

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Produtores	4.262	4.011	3.875	3.875	3.699	3.515	3.108
Dereitos	164.091	162.516	155.962	155.962	157.380	155.123	148.411

Cadro 4.30
Evolución de produtores e dereitos de prima ovino-cabrún. Galicia 2001 a 2007




Grafico 4.8
Evolución de produtores e dereitos de prima ovino-cabrún. Galicia 2001 a 2007

O resumo é unha perda continuada de produtores, 1.154 (27,08% dos asistentes en 2001), e tamén de dereitos, 15.680 (9,55% dos dereitos en 2001), no total do período de 6 anos. Estas cifras equivalen a unha diminución anual media do 4,51% dos produtores e do 1,59% dos dereitos de prima.

Reserva nacional

No marco do Real decreto 1839/1997 publicouse a orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación APA/2398/2007, de 23 de xullo, pola que se determina a dispoñibilidade de dereitos a prima da reserva nacional para a súa repartición entre os produtores de ovino e cabrún e os que manteñan vacas nutrices, con efectos a partir de 2008.

Nesa orde estableceuse a posibilidade de admitir solicitudes de dereitos da reserva nacional de ovino e cabrún para a campaña 2008, fixando o prazo da solicitude entre o 1 e o 30 de setembro de 2007.

Non poderán obter asignación os produtores que:

- a) Teñan transferido dereitos nos anos 2006 ou 2007
- b) Non utilizaron un mínimo do 90 % dos dereitos dispoñibles en 2007
- c) Teñan transferidos ou cedido dereitos para o ano 2008
- d) Foran excluídos da prima por negligencia grave en 2005, 2006 ou 2007
- e) Foran excluídos dos programas de saneamento gandeiro oficial por causas atribuídas ao interesado

En Galicia presentáronse un total de 498 solicitudes por un total de 15.981 dereitos, obtiveron asignación 472 produtores por un total de 15.087 dereitos, segundo se indica no cadro 4-31. Máis do 50% dos dereitos asignados en Galicia fórono a produtores da provincia de Ourense.

Cadro 4.31
Solicitudes e dereitos. Asignación de dereitos de reserva nacional de ovino-cabrún para a campaña 2008

Provincia	Solicitud		Asignación	
	Productores	Dereitos	Productores	Dereitos
A Coruña	62	1.637	56	1.474
Lugo	174	5.201	167	4.623
Ourense	220	7.677	210	7.572
Pontevedra	42	1.466	39	1.418
Galicia	498	15.981	472	15.087

En relación co total de dereitos asignados a produtores de ovino/cabrún para a campaña 2007, esta distribución da reserva supón un incremento do 10,16% dos dereitos dispoñibles, pasando de 148.411 a 163.498 dereitos, chegando case ao nivel de dereitos que tiñan asignados os gandeiros galegos no ano 2001 (164.091).

O número medio de dereitos asignados por produtor que solicitou da reserva foi de 32,0 dereitos, variando de 36,4 na provincia de Pontevedra a 26,8 na de A Coruña.

Esta asignación permitiu que a media de dereitos por produtor pasara de 47,75 antes da asignación a 52,6 dereitos despois desta.

Provincia	Produtores		Dereitos		Dereitos/produtor	
	Total	Con asignación	Total	Asignados	Antes da RN	Despois da RN
A Coruña	316	55	11.807	1.474	37,36	42,0
Lugo	927	167	43.390	4.623	46,81	51,8
Ourense	1.345	210	82.139	7.572	61,07	66,7
Pontevedra	520	39	11.075	1.418	21,30	24,0
Galicia	3.108	471	148.411	15.087	47,75	52,6

Cadro 4.32
Comparación dereitos totais e asignados da reserva nacional de ovino-cabrún para a campaña 2008

Plan de controis

No marco do disposto no Manual de procedemento para a xestión da solicitude unificada de axudas PAC 2007 e no Plan nacional de controis administrativos e sobre o terreo de axudas gandeiras para o ano 2007, redactado polo FEGA, o FOGGA aprobou o plan correspondente para aplicalo na Comunidade Autónoma de Galicia. Nel recóllense as distintas comprobacións que hai que realizar, así como os controis sobre o terreo, que deben afectar, como mínimo, un 10% dos solicitantes de primas de ovino/cabrún. O número de explotacións e animais controlados resúmese no cadro seguinte:

Provincia	Explotacións	Animais
A Coruña	28	2.812
Lugo	95	12.956
Ourense	193	29.194
Pontevedra	65	3.183
Galicia	381	48.145

Cadro 4.33
Explotacións de ovino-cabrún e animais inspeccionados. Campaña 2007

En relación coas solicitudes recibidas, 2.808, o número de controis realizados, 381, supón o 13,57% e os animais afectados polo control, 48.145, o 30,99% dos 155.326 solicitados, superándose os mínimos establecidos no plan de control.

Plan de controis de calidade

O plan de controis da campaña establece que se realizará un control da calidade dos controis sobre o terreo e para iso faise unha supervisión aleatoria do 2% do total das actas de control de primas de ovino/cabrún da campaña 2006, collendo como mínimo 2 actas por controlador para comprobar a súa correcta redacción, e logo a repetición dos controis sobre o terreo nun mínimo do 50% das ditas actas, segundo se recolle no seguinte cadro:

Cadro 4.34
Calidade dos controis sobre o terreo nas explotacións na campaña 2006

Provincia	Ovino/caprino		
	Controis totais realizados	Supervisión >2%	Repetición do 50% das actas no campo
A Coruña	31	2	1
Lugo	96	2	1
Ourense	160	4	2
Pontevedra	56	2	1
Galicia	343	10	5

Supervisáronse 10 actas de control e repetíronse 5 controis de campo.

Pagamentos de axudas aos produtores de ovino-cabrún

Para a campaña 2007 efectuáronse os pagamentos de primas a produtores de ovino-cabrún que solicitaron a prima nos primeiros meses do mesmo ano. No cadro seguinte indícanse as primas pagadas en cada provincia aos produtores de ovino e cabrún na campaña 2007.


Cadro 4.35
Primas ovino-cabrún. Produtores, cabezas e pagamentos totais segundo provincias. Campaña 2007

Provincia	Produtores	Cabezas			Pagamentos totais (€)
		Ovinos	Cabrúns	Total	
A Coruña	231	8.450	925	9.375	101.248,96
Lugo	760	30.104	6.559	36.663	460.370,01
Ourense	1.151	64.613	9.788	74.401	952.240,63
Pontevedra	396	7.683	1.156	8.839	103.401,80
Galicia	2.538	110.850	18.428	129.278	1.617.261,40

Un total de 2.538 produtores percibiron 1.617.261,40 euros por 129.278 cabezas, das que 110.850 son ovellas e 18.428 cabras. A prima por explotación foi de 622,04 euros para un censo medio de 48,52 cabezas. As porcentaxes de prima de cada provincia son de 6,87% na Coruña, 28,50% en Lugo, 57,55% en Ourense e 7,07% en Pontevedra.

No mapa nº 8 reflíctese a distribución de importes pagados aos produtores de ovino/cabrún de cada concello en concepto de primas, no que se observa que só en 2 concellos as axudas exceden os 50.000 euros, existindo 66 concellos nos que non se perciben axudas por esta prima.

MAPA Nº 8
Distribución por concellos do pagamento de ovino-cabrún ligado á produción. Pagamentos realizados polo FOGGA do 01 - 01 - 2007 ao 31-12 - 2007



A prima total distribúese en dous conceptos: unha prima base, e unha prima específica de zonas desfavorecidas, segundo se indica no cadro seguinte, para cada provincia.

Provincia	Importes pagados (€)		
	Prima base	Prima específica	Total
A Coruña	86.786,50	14.462,46	101.248,96
Lugo	342.525,54	117.844,47	460.370,01
Ourense	709.355,12	242.885,51	952.240,63
Pontevedra	84.311,16	19.090,64	103.401,80
Galicia	1.222.978,32	394.283,08	1.617.261,40

Cadro 4.36
Primas por ovino-cabrún. Distribución provincial segundo o tipo de pagamento. Campaña 2007

No conxunto de Galicia a porcentaxe da prima base é do 75,62% e a prima específica do 24,37%.

Nos pagamentos executados na campaña 2007 fíxose unha redución da axuda do 5% do importe total en concepto de mo-

dulación (Reglamento 1782/2003) para dedicar a programas de desenvolvemento rural. Antes do 30 de setembro do 2008 farase un pagamento adicional por un importe até o 5% dos primeiros 5.000 euros recibidos polo solicitante no conxunto das axudas da PAC solicitadas no ano 2007, sen superar o límite máximo para este concepto asignado a España.

Comparación coa campaña anterior

Os pagamentos da campaña 2007 en relación cos efectuados para a campaña 2006 supoñen o seguinte:

- Unha diminución do 4,9% das cabezas primadas
- Unha diminución do 9,4% no número de produtores con prima
- Unha diminución do 7,2% nos pagamentos executados até finais do ano polo incremento da modulación nun 1% e polo descenso nas cabezas primadas

Evolución das axudas por ovino-cabrún no período 1995-2007

No cadro seguinte indícase a evolución do número de produtores que solicitan a prima, dos animais solicitados e dos primados no período 1995-2007. Ao longo dese período mantense a tendencia decrecente do número de produtores e do número de animais primados.

Cadro 4.37
Primas por ovino-cabrún. Evolución anual de solicitudes e animais solicitados e primados. Galicia 1995-2007

Campaña	Solicitantes	Importe das primas (€)	Anim./solicitante	Euros/solicit.
1995	5.240	4.632.216,00	29,6	884,00
1996	5.117	3.550.696,00	31,5	693,90
1997	4.739	3.271.404,00	33,8	690,30
1998	4.448	4.385.821,00	35,4	986,00
1999	4.321	4.349.149,00	37,2	1.006,50
2000	4.107	3.643.014,00	38,5	887,00
2001	3.928	2.290.481,00	39,5	583,10
2002	3.647	4.186.336,00	41,3	1.147,90
2003	3.478	4.076.199,00	42,4	1.172,00
2004	3.264	4.148.450,00	45,8	1.271,00
2005	2.924	3.715.111,00	50,3	1.270,50
2006	2.853	1.812.044,00	49,6	635,10
2007	2.538	1.617.261,40	50,9	637,21

No cadro e gráfico seguintes resúmense os importes das primas percibidas polos produtores no período 1995-2007 e o número destes, así como a media de animais e prima por solicitante.

Campaña	Solicitudes	Animais solicitados	Animais primados	Prima solíc. (%)
1995	5.240	184.990	155.023	83,8%
1996	5.117	194.128	161.267	83,1%
1997	4.739	189.140	160.189	84,7%
1998	4.448	182.776	157.487	86,2%
1999	4.321	183.465	160.808	87,7%
2000	4.107	180.894	158.087	87,4%
2001	3.928	175.087	155.067	88,6%
2002	3.647	168.212	150.825	89,7%
2003	3.478	161.512	147.758	91,5%
2004	3.264	162.885	149.565	91,8%
2005	3.149	163.012	147.144	90,3%
2006	2.951	163.415	141.606	86,7%
2007	2.808	155.326	129.278	83,2%

Cadro 4.38
Primas por ovino-cabrún. Evolución anual de solicitantes e primas pagadas. Galicia 1995-2007

 Solicitantes
 Importe (€)




Gráfico 4.9
Primas por ovino-cabrún. Evolución anual de solicitantes e primas pagadas. Galicia 1995-2007

A oscilación dos importes dun a outro ano débese a que, no pasado, as primas se fixaban en función da evolución dos prezos de cada campaña. Prezos da campaña altos daban lugar a menor compensación coas primas. Na actualidade as primas son fixas e independentes dos prezos.

Os solicitantes de 2007, 2.538, son o 48,4% dos existentes en 1995.

A evolución de animais primados por explotación foi positiva ao longo do período, pasando de 29,6 en 1995 a 50,93 en 2007, o que supón un incremento de 21,33 cabezas/ explotación.

4.3. LEITE E PRODUTOS LÁCTEOS

4.3.1. MARCO COMUNITARIO PARA O SECTOR

O elemento fundamental para a regulación do sector do leite e dos produtos lácteos é o réxime aplicado á produción e comercialización, baseado nas cotas. A Unión Europea fixa para cada Estado membro as cantidades máximas garantidas para a comercialización de leite para cada campaña. No caso de que un Estado membro supere as cantidades de referencia fixadas está establecida una taxa sobre o volume de leite que se comercialice por encima desas cantidades de referencia.

Ademais existen as seguintes axudas:

- › Pagamento adicional lácteo para a mellora da calidade
- › Axuda á utilización de leite e derivados nos centros escolares
- › Manteiga para institucións non lucrativas
- › Almacenamento privado de produtos lácteos

Por outra banda, establécense determinados mecanismos de sostemento dos prezos de mercado mediante a adquisición e venda de leite en po e manteiga polos organismos de intervención.

4.3.2. RESUMO DAS NORMAS APLICABLES EN 2007

4.3.2.1 Taxa suplementaria no sector lácteo

O réxime da taxa láctea regúlase no Estado español, para a campaña 2006-2007, a través do Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea, nos seus aspectos de xestión, recadación e control.

A nivel autonómico, no ano 2007 publicouse o Decreto 158/2007, do 21 de xuño, polo que se regula en Galicia a aplicación do réxime de taxa láctea, pero a súa entrada en vigor é para a campaña 2007-2008.

O FOGGA, no marco da encomenda de xestión de actuacións de intervención e regulación de mercados establecida entre o MAPA e a Comunidade Autónoma de Galicia o 25 de marzo de 1996, realiza os controis de explotacións, compradores de leite e industrias situadas en Galicia.

A aplicación do réxime de cotas fai necesaria a asignación de cantidades de referencia individuais (cotas) aos produtores, de maneira que a suma delas non exceda as cantidades máximas garantidas para o Estado membro.

Como elementos base no réxime de cotas para os produtores destácanse os seguintes:

- › Asignación, reasignación e anulación de cotas a produtores
- › Xestión da reserva nacional de cotas
- › Transvase de cotas de venda directa a cotas de entrega a compradores
- › Transferencias de cotas
- › Cesións temporais de cota

A xestión destes aspectos correspóndelle en Galicia á Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias.

Desde a perspectiva da xestión da taxa láctea considéranse elementos fundamentais:

- › Autorización de compradores de leite
- › Declaración de compras e vendas feitas polos compradores
- › Declaracións de vendas dos gandeiros con cota para venda directa

4.3.2.2. Pagamentos adicionais do sector lácteo (art. 69 Regulamento 1782/2003)

De acordo co establecido no artigo 3.2 do Real decreto 1617/2005, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime do pagamento único, retívoise un 10% da prima láctea e pagamentos adicionais no sector lácteo por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) nº 1782/2003 para conceder unha axuda aos produtores de gando vacún leiteiro destinada a favorecer a calidade do leite cru producido nas explotacións, co compromiso do gandeiro de acollerse a un sistema de aseguramento da calidade.

A axuda regúlase nos artigos 83 e 84 do Real decreto 1618/2005 sobre aplicación do réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría.

Existe un límite de pagamentos para todo o Estado español fixado en 19.700.000 euros. Polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerase anualmente o importe do pagamento adicional por cada quilo de cota dispoñible a 31 de marzo de cada ano, cun máximo de 500.0000 quilos por explotación agás no caso de explotacións asociativas.

4.3.2.3. Axuda á utilización de leite e derivados nos centros escolares

O Regulamento (CE) nº 1255/1999, do Consello, do 17 de maio, establece a organización común de mercados (OCM) no sector do leite, coa conseguinte previsión no seu artigo 14 dunha axuda comunitaria para a subministración aos alumnos de centros escolares de determinados produtos lácteos transformados.

O Regulamento (CE) nº 2707/2000, da Comisión, do 11 de decembro, establece as modalidades de aplicación do antedito regulamento, no que atinxe á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos alumnos de centros escolares.

As distintas modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares establécense no Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, modificado polos Reais decretos 460/2004, do 18 de marzo, e 313/2005, do 18 de marzo.

Neste contexto a Resolución do 30 de xaneiro de 2007 estableceu o procedemento para a tramitación e concesión das axudas aos alumnos de centros escolares para o consumo de leite e determinados produtos lácteos no ámbito da nosa comunidade autónoma. Poden beneficiarse desta axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros escolares, recoñecidos oficialmente, de educación infantil, primaria, secundaria e especial.

A axuda poden solicitala os centros, as asociacións de pais ou os provedores de produtos. A axuda concédese para leite, leite chocolateado, iogur ou queixo por unha cantidade global máxima de 0,25 litros de equivalente de leite por alumno e día e deben consumirse nas dependencias do centro escolar.

O importe unitario da axuda por 100 Kg de produto para o período do 01.07.2006 ao 30.06.2007 varía de 18,61€ para o leite de máis do 3,5% de graxa até 10,97€ para leite de menos do 0,5% de graxa. No caso do queixo varía de 55,83 €/100 Kg para queixos frescos e fundidos non aromatizados de máis do 40% de graxa até 142,37€/100 Kg para queixos nin frescos nin fundidos con máis do 45% de graxa.

Estes importes supoñen un descenso da axuda unitaria entre o 7 e o 12 % en relación co ano anterior, segundo o tipo de produto.

4.3.3. RESULTADOS DA XESTIÓN

4.3.3.1. Taxa suplementaria no sector lácteo. Balance da campaña láctea 2006-2007

A) Produtores de leite en Galicia. Final período 2006-2007

Os períodos, para os efectos do réxime da taxa láctea, teñen o seu inicio o 1 de abril e rematan o 31 de marzo do ano seguinte. Polo tanto, no ano 2007, o 31 de marzo rematou o período 2006-2007 e o 1 de abril iniciouse o período 2007-2008.

A distribución de produtores e cota en Galicia correspondente ao final da campaña 2006-2007 indícase no cadro e gráfico seguintes para os produtores con cota de venda a compradores.

Provincia	Produtores	Cotas	Tn/Produtor
A Coruña	6.767	909.685,210	134,30
Lugo	6.124	1.000.758,317	163,416
Ourense	219	20.586,758	94,003
Pontevedra	2.479	247.842,481	99,977
Galicia	15.589	2.178.872,766	139,770

Cadro 4.39
Distribución provincial de produtores con venda a compradores e cota láctea. Galicia, final período 2006-2007





Gráfico 4.10
Produtores e cota láctea. Distribución provincial. Final período 2006-2007

Na campaña 2006-2007 existían en Galicia 15.589 explotacións con cota de entrega a compradores cun total de cota asignada de 2.178.872,766 toneladas, o que supón unha media de 139,770 toneladas por gandeiro. Esta media varía de 94,003 toneladas na provincia de Ourense a 163,416 en Lugo, provincia esta última que tamén ten a maior cantidade de cota asignada: 1.000.758,317 toneladas (45,93% do total de Galicia). O maior número de produtores de leite está na provincia da Coruña, con 6.767, o que supón o 43,41% do total de Galicia.

En relación cos produtores con venda directa, segundo se indica no cadro 4.40, un 86,67% deles e un 89,24% da cota correspondeulle á provincia da Coruña:

Provincia	Produtores	Cota (quilos)	Vendas (quilos)
A Coruña	104	4.697.149	4.198.128
Lugo	13	547.325	506.923
Ourense	0	0	0
Pontevedra	3	18.763	16.690
Galicia	120	5.263.237	4.721.741


Cadro 4.40
Distribución provincial de produtores con venda directa e cota láctea. Galicia. Período 2006-2007

No relativo ao tamaño das explotacións de leite de Galicia, indícase no cadro seguinte a situación a finais da campaña 2006-2007.

Cadro 4.41
Distribución de produtores de leite con venda a compradores e cota, segundo cota por produtor. Galicia. Final período 2006-2007

t/productor	Produtores		Cota	
	Número	%	Toneladas	%
1 a 25	2.764	17,72	36.368,619	1,67
25 a 50	2.212	14,19	81.437,948	3,74
50 a 75	1.806	11,59	112.125,828	5,15
75 a 200	5.425	34,80	694.220,822	31,86
200 a 300	1.749	11,22	421.706,012	19,35
>300	1.633	10,48	833.013,537	38,23
Total	15.589	100,00	2.178.872,766	100,00

Gráfico 4.11
Cota láctea. Distribución de produtores e cota segundo cota por produtor



Os produtores con cota inferior a 75 toneladas (6.782) supoñen o 43,51% dos produtores galegos e teñen asignada o 10,55% da cota de Galicia. No extremo contrario, os gandeiros con cota maior de 200 toneladas, 3.382 (21,69% do total), teñen asignada o 57,59% da cota de Galicia.

B) Compradores de leite en Galicia. Final período 2006-2007

No período 2006/2007 a compra de leite en Galicia realizárona un total de 84 compradores, que recolleron 2.195.999,163 toneladas de leite, sen axustar pola porcentaxe de graxa, a 16.749 explotacións, aínda que unha explotación puido ter vendido leite a máis dun comprador ao longo do período.

No cadro seguinte resúmese a información dos compradores que actuaron en Galicia, segundo o seu domicilio social.

Domicilio comprador	Produtores		Gandeiros		Entregas	
	Número	%	Número	%	Toneladas	%
Galicia	73	86,90	13.111	78,28	1.551.116,020	70,63
Resto de España	11	13,10	3.638	21,72	644.883,143	29,37
Total	84	100,00	16.749	100,00	2.195.999,163	100,00

Cadro 4.42
Compras de leite en Galicia segundo domicilio do comprador. Período 2006-2007

Aínda que en Galicia adquieren leite a gandeiros galegos 84 compradores, 11 deles teñen domicilio social fóra de Galicia, o que significa o 13,10% do total e recollen o 29,37% do leite da comunidade autónoma.

No cadro seguinte resúmese, por cantidade comprada en Galicia, a distribución de compradores e cantidades adquiridas no período 2006-2007.

Toneladas t/período	Domicilio social en Galicia			Domicilio social fora de Galicia		
	Compradores	Gandeiros	Entregas (Kg)	Compradores	Gandeiros	Entregas (Kg)
< 100	2	4	110.975	0	0	0
100a 500	6	62	1.293.226	1	2	356.724
500 a 1000	5	110	3.584.705	0	0	0
1000 a 10.000	28	1.798	126.235.107	3	350	12.921.228
10.000 a 50.000	27	5.468	552.590.321	3	713	86.951.871
50.000 a 100.000	1	433	65.703.625	1	410	73.955.894
> 100.000	4	5.236	801.598.061	3	2.163	470.697.426
Total	73	13.111	1.551.116.020	11	3.638	644.883.143

Cadro 4.43
Compras de leite en Galicia segundo a cantidade adquirida polo comprador na Comunidade autónoma. Período 2006-2007

No período 2005-2006 os compradores que actuaron en Galicia indícanse no cadro seguinte:

Domicilio comprador	Compradores		Gandeiros		Entregas	
	Número	%	Número	%	Toneladas	%
Galicia	79	87,78	14.220	77,00	1.467.855,755	68,39
Resto do Estado	11	12,22	4.246	23,00	678.290,960	31,61
Total	90	100	18.466	100	2.146.146,715	100

Cadro 4.44
Compras de leite en Galicia segundo domicilio do comprador. Período 2005-2006

Comparando o período 2005-2006 co 2006-2007, obsérvase que neste último período hai 6 compradores menos (-6,67%) e as explotacións diminuíron nun 9,30%, mentres que as compras incrementáronse nun 2,32%. O aumento de compras por parte dos compradores domiciliados en Galicia foi do 5,67%, en tanto que diminuíron as compras dos do resto do Estado nun 4,93%.

C) Controis relativos á taxa láctea

Os controis realizados polo FOGGA no ano 2007 no marco da encomenda de xestión, no relativo á taxa láctea, enmárcanse no plan de control establecido polo FEGA para as declaracións de compras efectuadas polos compradores e de vendas feitas polos gandeiros no período 2006-2007, que rematou o 31 de marzo deste último ano.

A distribución provincial de compradores con domicilio social en Galicia figura no cadro seguinte:

Cadro 4.45
Distribución provincial de compradores con domicilio social en Galicia. Período 2006-2007

Provincia	Número	Compras
A Coruña	27	574.871,896
Lugo	32	877.116,694
Ourense	4	1.674,889
Pontevedra	10	97.452,541
Galicia	73	1.551.116,020

A normativa comunitaria aplicable establece que o número de controis que se van realizar non poderá ser inferior ao 40% da cantidade de leite declarado no período. A selección de empresas compradoras que se van controlar realízouna o FEGA mediante unha análise de risco no que interveñen máis de 10 criterios. No caso de gandeiros con vendas directas, a normativa establece que o número de controis non poderá ser inferior ao 5% dos produtores con cota para venda directa. A selección, feita tamén polo FEGA, tivo en conta criterios de risco.

No cadro seguinte resúmense os controis de taxa realizados en Galicia para a campaña 2006-2007.

Cadro 4.46
Distribución provincial dos controis da taxa no sector lácteo. Compradores e gandeiros: campaña 2006-2007. Transporte: campaña 2006-2007

Provincia	Compradores		Gandeiros		Transporte
	Número	Compras (t)	Venda directa	Entrega	
A Coruña	12	77.615	5	146	67
Lugo	17	603.713	3	101	72
Ourense	2	582	0	7	7
Pontevedra	9	41.825	0	25	22
Galicia	40	723.735	8	279	168

Realizáronse 40 controis a compradores con domicilio en Galicia (o 55% do total), cunha entrega de leite de 723.735

toneladas, o que supón o 47% das entregas a compradores con domicilio en Galicia e o 33% das entregas totais de gandeiros galegos.

Tamén se controlaron 279 gandeiros con explotación en Galicia e entregas a compradores e 8 produtores con cota para venda directa no período 2006-2007.

Ademais fixéronse 168 controis ao transporte en toda a comunidade autónoma para o período 2006/2007.

Á parte destes controis, e tamén en relación coa taxa láctea, o FOGGA realizou funcións de asesoramento a compradores en relación coas altas, baixas e declaracións de compras e doutro tipo que deben efectuar ao FEGA.

Liquidación da taxa láctea. Campaña 2006-2007

No mes de agosto de 2007 o FEGA realizou liquidación da taxa correspondente á campaña 2006-2007, da que se xunta un resumo no cadro 4-47 para o conxunto do Estado e tamén a correspondente aos produtores con explotación na Comunidade Autónoma de Galicia. Da liquidación resulta que non houbo superación da cota do Estado español xa que a diferenza entre entregas axustadas declaradas e a cota global dispoñible foi de -92.484 toneladas. Na Comunidade Autónoma de Galicia as entregas axustadas superaron a cota en 17.126 toneladas.

	España	Galicia	G/E (%)
ENTREGAS A COMPRADORES			
- Produtores con entregas	28.169	15.589	55,34%
- Cota láctea (EC) (t)	6.052.815	2.178.873	36,00%
- Entregas axustadas (t)	5.960.331	2.195.999	36,84%
SOBRANTES DE COTA			
- Produtores	14.837	6.874	43,33%
- Cota sobranante (t)	243.652	74.345	30,51%
REBASAMENTO DA COTA			
- Produtores	13.332	8.158	61,19%
- Rebasamento (t)	184.460	91.474	49,59%
BALANCE (sobranante-rebasamento) (t)	-59.192	-17.126	28,93%
LIQUIDACIÓN DESPOIS DA COMPENSACION			
- Cantidade (t)	0	0	
- Importe (€)	0	0	
RETENCIONS A CONTA			
- Produtores	12.980	7.920	61,02%
- Importe (€)	5.610.875,2	2.709.308,60	48,29%
PRODUTORES CON TAXA PARA PAGAR			
- Número	0	0	
- Importe (€)	0	0	

Cadro 4.47
Balance da liquidación da taxa láctea. Entregas a compradores. Campaña 2006-2007

Aínda que o número de produtores con rebasamento de cota en Galicia foi de 8.158, non houbo produtores con taxa para pagar.

Comparación coa campaña 2005-2006

En relación coa campaña 2005-2006, na campaña 2006-2007 cabe salientar os seguintes parámetros que reflicten a evolución da estrutura do sector:

- ▶ Unha diminución do número de produtores con entrega a compradores de 16.359 a 15.589, o que implica un descenso de 770 (-4,71%)
- ▶ Un incremento da cota de venda a compradores, que pasou de 2.120.925,387 a 2.178.872,766 toneladas, cun aumento de 57.947,379 toneladas equivalente a un 2,73% da cota da campaña anterior
- ▶ Un aumento da cota por explotación de 129,649 toneladas a 139,770, o que supón un incremento do 7,81%
- ▶ As entregas de leite a compradores incrementáronse de 2.146.146,715 toneladas a 2.195.999,163, o que supón un aumento do 2,32%
- ▶ O leite comercializado por compradores con domicilio social en Galicia pasou do 68,39% na campaña 2005-2006 ao 70,63% na campaña 2006-2007.
- ▶ Na campaña 2006/2007 ningún produtor de Galicia tivo que facer fronte ao pagamento de taxa láctea, despois da liquidación practicada polo FEGA, e realizouse a devolución de 2.709.308,60€ a 7.920 produtores en concepto de retencións feitas ao longo da campaña

4.3.3.2. Pagamentos adicionais do sector lácteo (art. 69 Regulamento 1782/2003)

No ano 2007 xestionáronse as axudas do pagamento adicional do sector lácteo no marco da Orde da Consellaría do Medio Rural do 30 de xaneiro de 2007, pola que se regula a aplicación do réxime de pagamento único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandería, así como a indemnización compensatoria, no ano 2007, estando incluída esta axuda na solicitude unificada PAC 2007, tramitada coa colaboración de entidades financeiras.

As solicitudes recibidas indícanse no cadro seguinte:

Cadro 4.48
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Solicitudes de prima recibidas por provincia. Campaña 2007

Provincia	Produtores		Cota dispoñible	
	Número	%	Toneladas	%
A Coruña	6.198	43,81	919.413,670	41,72
Lugo	5.634	39,82	1.015.103,565	46,06
Ourense	181	1,28	20.815,975	0,94
Pontevedra	2.136	15,10	248.543,303	11,28
Galicia	14.149	100,00	2.203.876,513	100,00

Presentáronse un total de 14.149 solicitudes cunha cota de 2.203.876,513 quilos, da que un 46,06% foi solicitada por explotacións da provincia de Lugo.

Plan de controis

Os controis sobre o terreo fixéronse no marco do plan establecido polo FEGA e de acordo co plan redactado polo FOGGA para esta finalidade, sendo o número mínimo de controis que se van realizar do 2% dos produtores que solicitaron prima láctea no ano 2007.

No cadro seguinte indícanse os controis realizados en Galicia, por provincias, coa colaboración da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Consellaría do Medio Rural.

Provincia	Explotacións inspeccionadas		Cota láctea inspeccionada	
	Número	%	Toneladas	%
A Coruña	361	48,13	98.556,44	48,30
Lugo	245	32,67	70.743,94	34,67
Ourense	9	1,20	5.791,20	2,84
Pontevedra	135	18,00	28.956,47	14,19
Galicia	750	100,00	204.048,05	100,00

Cadro 4.49
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Produtores de leite inspeccionados. Campaña 2007.

O número de controis realizados, 750 supón o 5,30% dos produtores que solicitaron pagamentos e o 9,25% da cota solicitada.

Do período 2006, fíxose un control de calidade superior ao 2% dos controis feitos no campo, resultando os seguintes:

Provincia	Pagamento adicional sector lácteo		
	Controis totais realizados	Supervisión >2%	Repetición do 50% das actas no campo
A Coruña	178	4	2
Lugo	109	4	2
Ourense	6	2	1
Pontevedra	52	2	1
Galicia	345	12	6

Cadro 4.50
Calidade dos controis sobre o terreo nas explotacións 2006

Pagamentos de axudas aos produtores de leite

O período de aboamento para a pagamento adicional lácteo é do 1 de decembro de 2007 ao 30 de xuño de 2008. No cadro seguinte resúmense os pagamentos para cada provincia até o 31 de decembro de 2007.

Provincia	Produtores		Cota primada		Pagamentos totais	
	Número	%	Tn	%	€	%
A Coruña	5.851	43,38	833.650,63	41,06	2.967.168,24	41,06
Lugo	5.399	40,03	946.970,75	46,64	3.370.554,52	46,64
Ourense	171	1,27	15.166,19	0,75	53.983,26	0,75
Pontevedra	2.068	15,33	234.567,66	11,55	834.922,18	11,55
Galicia	13.489	100,00	2.030.355,23	100,00	7.266.628,20	100,00


Cadro 4.51
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Produtores, cota láctea e pagamentos totais, por provincia. Campaña 2007

Pagóuselles un total de 7.226.628,2 euros a 13.489 produtores de Galicia, cunha media de 535,74 euros por explotación.

Este importe corresponde a unha axuda unitaria de 3,74 euros por tonelada de cota dispoñible establecida polo FEGA, de acordo co indicado no punto 4.3.2.2. En concepto de modulación descontóuselles a todos os produtores un 5 % do importe total do pagamento adicional lácteo, e antes do 30 de setembro de 2008, os produtores percibirán un pagamento adicional de modulación de até o 5% dos primeiros 5.000€ dos pagamentos directos totais, incluído o pagamento adicional lácteo.

No mapa nº 9 reflíctese a distribución dos pagamentos adicionais no sector lácteo por concellos, podendo observar que en 21 concellos os pagamentos superan os 100.000 euros mentres en 120 concellos non se reciben pagamentos por este concepto.

MAPA Nº 9
Distribución por concellos dos
pagamentos adicionais no sector
lácteo. Pagamentos realizados
polo FOGGA do 01 - 01 - 2007 ao
31 - 12 - 2007



Evolución do pagamento adicional lácteo no período 2006-2007

Nos cadros 4-52 e 4-53 e no gráfico 4-12 indícase a evolución do número de solicitantes, cota solicitada, cota primada e importes de axuda entre as dúas campañas.

Existe unha diminución de solicitantes de 1.268, equivalentes ao 8,2%, por abandono da produción láctea, aínda que a

cota solicitada incrementouse en 76.298 toneladas (3,58%) como consecuencia de programas de reasignación de cota.

Os pagamentos indicados e correspondentes a 2007, 7.226.628,2 euros, corresponden aos realizados até decembro que supoñen o 95,1% do total dos efectuados para a campaña 2006 e o 118,44 % dos realizados até decembro de 2006 para a dita campaña.

Campaña	Solicitantes	Cota solicitada	Cota primada (t)	Prima/Solict. (%)
2006	15.417	2.127.599	2.088.663	98,2%
2007	14.149	2.203.876	2.030.355	92,1%

Cadro 4.52
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Evolución anual de solicitudes e cota solicitada e primada. Galicia 2006-2007

Campaña	Solicitantes	Importe das primas (€)	Cota/solicitante (t)	Euros/Solict.
2006	15.235	7.598.247,00	137,1	498,74
2007	13.489	7.226.628,20	150,5	535,74

Cadro 4.53
Pagamentos adicionais no sector lácteo Evolución anual de solicitudes e axudas pagadas. Galicia 2006-2007




Gráfico 4.12
Pagamentos adicional no sector lácteo Evolución anual de solicitudes e axudas pagadas. Galicia 2006-2007

4.3.3.3. Axudas á utilización de leite nos centros escolares

Xestionouse esta axuda no marco da Resolución do Fondo Galego de Garantía Agraria do 30 de xaneiro de 2007 pola que se convocan para o ano 2007 as axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos.

Os produtos subministrados foron, principalmente, leite, iogures naturais e queixos.

Cadro 4.54
Distribución provincial das axudas á utilización de leite e produtos lácteos en centros escolares. Ano 2007

Provincia	Nº Expedientes	Toneladas	Euros
A Coruña	62	456,586	76.405,09
Lugo	53	134,068	24.733,17
Ourense	43	182,845	33.530,47
Pontevedra	46	313,626	57.816,50
Galicia	204	1.087,125	192.485,23

No cadro anterior indícase a distribución de axudas por provincias. No ano 2007 subministráronse 1.087,125 toneladas de produtos e a axuda pagada foi de 192.485,23 euros.

En relación co ano anterior, a axuda total pagada diminuíu nun 18,31% e o consumo de produtos diminuíu nun 0,96%.

4.3.3.4. Intervención de produtos lácteos

A evolución dos prezos do mercado no sector lácteo no ano 2007 non fixo necesaria a continuación das compras de intervención para o caso da manteiga nin para o leite en po.

No cadro seguinte resúmese a variación de existencias de manteiga ao longo do ano 2007.

Cadro 4.55
Intervención de produtos lácteos. Variación de existencias de manteiga. Ano 2007

Concepto	Manteiga (t)
Existencias iniciais	19.611,003
Rexeites	22,000
Saídas (Cruz Vermella)	8.089,000
Vendas	11.500,003
Existencias finais	0,000

Constátase a diminución do 100% da cantidade de manteiga almacenada en Galicia como resultado dunhas vendas de 11.500,003 toneladas e saída a través da Cruz Vermella de 8.089,000 toneladas.

A distribución das existencias de manteiga entre as catro provincias indícase no cadro seguinte.

Provincia	Existencias iniciais(t)	Vendas (t)	Saídas (Cruz Vermella)	Rexeites (t)	Existencias finais (t)
A Coruña	3.420,553	2.260,553	1.138,000	22,000	0,000
Lugo	8.117,450	5.856,450	2.261,000	0,000	0,000
Ourense	0,000	0,000	0,000	0,000	0,000
Pontevedra	8.073,000	3.383,000	4.690,000	0,000	0,000
Galicia	19.611,003	11.500,003	8.089,000	22,000	0,000

Cadro 4.56
Intervención de manteiga.
Variación de existencias. Ano
2007

En relación coa xestión de fondos para gastos comerciais e venda deste produto, o cadro seguinte resume a correspondente ao ano 2007.

Produto	Fondos solicitados (€)		Fondos remitidos (€)
	Compra	Gastos comerciais	Venda
Manteiga	0,00	1.401.771,86	30.696.823,24

Cadro 4.57
Intervención de produtos lácteos.
Fondos solicitados e remitidos ao
FEGA. Ano 2007

Na actuación, en 2007, en relación coa actuación en 2006 na intervención de produtos lácteos, debe resaltarse o seguinte:

- A ausencia de compras de manteiga
- A ausencia, como na campaña anterior, de compras e almacenamento de leite en po
- A diminución da cantidade almacenada de manteiga nun 100%
- Os gastos comerciais de manipulación e almacenamento diminuíron nun 68,29% en 2007 en relación con 2006 para este produto

4.4. PORCINO

4.4.1. MARCO COMUNITARIO PARA O SECTOR

O sector da carne de porcino está regulado por unha Organización Común de Mercado que, a diferenza doutras, posúe unha gran flexibilidade, xa que non conta con prezos garantidos nin primas directas. O prezo de mercado é unicamente o resultado do xogo da oferta e da demanda. Así pois, esta organización liberal asigna unha gran responsabilidade aos produtores, que deciden por si mesmos o volume da produción e, así, o equilibrio do mercado.

Como un instrumento de xestión corrente, a axuda ao almacenamento privado permite á comisión intervir rapidamente no mercado.

Debido á situación dos prezos do mercado no sector da carne de porcino no ano 2007, a comisión aprobou a concesión dunha axuda ao almacenamento privado de carne de porcino polo sistema de axuda fixada a tanto alzado por anticipado.

4.4.2. RESUMO DAS NORMAS APLICABLES

A normativa básica neste sector establécese en catro regulamentos:

- ▶ Regulamento (CEE) nº 2763/75 do Consello, do 29 de outubro de 1975, polo que se establecen as normas xerais para a concesión de axudas ao almacenamento privado no sector da carne de porcino.
- ▶ Regulamento (CEE) nº 3444/90 da Comisión, do 27 de novembro de 1990, polo que se establecen disposicións de aplicación para a concesión de axudas ao almacenamento privado de carne de porcino.
- ▶ Regulamento (CE) nº 1267/2007 da Comisión, do 26 de outubro de 2007 relativo ás condicións específicas para a concesión de axudas ao almacenamento privado no sector da carne de porcino.

4.4.3. RESULTADOS DA XESTIÓN DAS AXUDAS

Entre os meses de novembro e decembro de 2007 un total de catro empresas solicitaron axudas polo almacenamento de 511,061 toneladas de carne de porcino. Estas axudas pagadas ascenderon a 203.265,15€.

05

Zona de producción agrícola parcelada



XESTIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE PARCELAS AGRÍCOLAS (SIXPAC)

5.1. OBXECTO DO SIXPAC

O sistema integrado de xestión e control de axudas directas a explotacións da política agraria común estivo composto, desde o seu establecemento en 1993, entre outros elementos, polas solicitudes de axuda e por un sistema alfanumérico de identificación de parcelas, o que permitía a realización de controis administrativos e sobre o terreo.

No caso do Estado español, o sistema de identificación de parcelas correspondía até o ano 2004 ás referencias catastrais en todo o territorio, pero no ano 2005, por obriga regulamentaria na UE, introduciuse un novo sistema gráfico dixital de identificación de parcelas agrícolas que utiliza técnicas de información xeográfica. En España este novo sistema utiliza ortofotoimaxes aéreas e denomínase Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC).

O SIXPAC regúlase polo Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, que establece que as comunidades autónomas son as responsables da explotación e mantemento do SIXPAC no seu territorio e que crea a “mesa de coordinación do SIXPAC”, na que cada comunidade autónoma integrada ten un representante. Esta mesa coordina a explotación e mantemento do SIXPAC e, entre outras funcións adicionais, acorda a información que estará vixente en cada campaña para a declaración e o control das axudas baseadas en superficies.

Nunha orde da entón Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural (hoxe Consellaría do Medio Rural), do 24 de xaneiro de 2005, que regulaba determinadas axudas da PAC nese ano e estableceu ademais o SIXPAC en Galicia, indícase no seu artigo 11 que esa Consellaría, a través do FOGGA, é a responsable da explotación e mantemento do SIXPAC en Galicia.

5.2. XESTIÓN NO ANO 2007

Actuacións para o mantemento do SIXPAC

Os usos dos recintos no SIXPAC pretenden reflectir a realidade do terreo en cada momento nas parcelas obxecto de declaración na PAC, polo que as alteracións dos usos que se produzan nesas parcelas deben ser comunicadas polos agricultores á Administración mediante as correspondentes “solicitudes de actualización” do SIXPAC, e tamén poden

presentar “alegacións” para que se corrixa posibles erros que eles detecten na asignación inicial dos usos. Os agricultores presentan estas “solicitudes de modificación” (alegacións ou solicitudes de actualización) na oficina agraria comarcal á que pertence a súa explotación e posteriormente son estudadas e resoltas polo FOGGA.

Por outro lado, e con independencia das solicitudes de modificación presentadas, as inspeccións sobre o terreo realizadas polo FOGGA sobre as parcelas declaradas nas solicitudes de axudas da PAC son tamén fonte de actualización do SIXPAC, cando se detecta no campo que o uso asignado non se corresponde coa realidade.

Nos cadros seguintes reflíctense datos relativos aos traballos de mantemento mencionados:

	Solicitudes		Tipo de modificación (*)				
	Expedientes	Recintos	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5
A Coruña	411	853	611	0	67	0	175
Lugo	768	1.931	1.659	1	238	0	33
Ourense	151	517	473	0	44	0	0
Pontevedra	186	511	388	0	64	0	59
Galicia	1.516	3.812	3.131	1	413	0	267

Cadro 5.1
Solicitudes de modificación do SIXPAC tramitadas. Campaña 2007

(*) Descrición dos tipos de modificación:

Tipo 1: Cambio de uso nun recinto completo

Tipo 2: Cambio de sistema de explotación (secaño/regadío) nun recinto completo

Tipo 3: Partición dun recinto para cambiar o uso en parte del

Tipo 4: Partición dun recinto para cambiar o sistema de explotación (secaño/regadío) en parte del

Tipo 5: Existencia de parcela situada en zona urbana que ten un uso agrícola

Uso anterior	Uso proposto										Total
	FO	FY	IV	PA	PR	PS	TA	TH	VF	VI	
Auga (AG)						1	10				11
Viais (CA)				1		5	5				11
Forestal (FO)		5		452	145	550	176	1		2	1.331
Froiteira (FY)	2			75	4	11	7			2	101
Improdutivo (IM)				1	1	9	5				16
Pasto con arboredo (PA)	5				4	58	15				82
Pasto arbustivo (PR)	47	3	1	41		784	730	10			1.616
Pasteiro (PS)	40	2		47	44	1	3				137
Terra arable (TA)	40	5		34	93	9			1	4	186
Viñedo (VI)				1	4	12	37				54
Zona urbana (ZU)				1		96	169	1			267
Total	134	15	1	653	295	1.536	1.157	12	1	8	3.812

Cadro 5.2
Cambios de uso en recintos SIXPAC tramitados. Campaña 2007

Cadro 5.3
Actualización do SIXPAC non solicitadas, baseadas en controis de xestión de axudas. Campaña 2007

	Cambios realizados
A Coruña	371
Lugo	3.513
Ourense	341
Pontevedra	4.875
Galicia	9.100

En relación cos datos da campaña anterior, en 2007 produciuse un forte descenso no total das solicitudes de modificación do SIXPAC xestionadas (do 37,5 % no que se refire ao número de expedientes e do 44 % no número de recintos afectados), o que é lóxico dado que nas primeiras campañas en que un concello SIXPAC está vixente os agricultores advirten a maior parte dos erros de fotointerpretación que se producen nas parcelas das súas explotacións. En cambio, sobre as solicitudes realizadas, mantense a estrutura do tipo de cambios que se solicitan.

A xestión das solicitudes de modificación do SIXPAC determinou a posta ao día do procedemento de tramitación para ese fin e a mellora das aplicacións informáticas de xestión implicadas, e tamén se realizaron cursos nas catro provincias para explicar o procedemento aos xestores implicados. A principal modificación habida na campaña 2007 consistiu na conexión da aplicación de captura de solicitudes con outra aplicación web para inserir bosquexos dixitais relativos aos cambios propostos e que non afectan a totalidade dun recinto.

A integración no sistema das solicitudes aceptadas ou dos cambios determinados a partir dos controis das axudas realízase por edición directa do FOGGA na base de datos central do SIXPAC do FEGA cando implican modificación da información gráfica ou, nos outros casos, mediante o envío ao FEGA de ficheiros de intercambio de información masiva e alfanumérica.

Renovación do SIXPAC

Ademais dos cambios puntuais mencionados con anterioridade existen actuacións periódicas de "renovación" do SIXPAC que determinan a actualización masiva dos recintos, normalmente en concellos completos.

A Comisión Europea recomenda que se actualice cada 5 anos a cobertura de ortoimaxes correspondentes ao sistema de información xeográfica para a identificación das parcelas agrícolas no sistema integrado de xestión e control.

O xa mencionado Real decreto 2128/2004 establece que a "mesa de coordinación" acordará a forma e condicións da actualización do SIXPAC e aprobará o plan de renovación do sistema, incluíndo a actualización de ortofotos, modificacións parcelarias (debidas, por exemplo, a renovaci3ns do catastro, a concentración parcelaria ou a execuci3n de obras civís de gran envergadura), capas temáticas de usos agrarios e tanta informaci3n deba ser obxecto de renovaci3n periódica. O Real decreto obriga tamén a coordinar a informaci3n coa do catastro.

En definitiva, as dúas causas principais que determinan a renovación dun concello no SIXPAC son a integración dunha nova cobertura de ortofotos e os cambios relacionados co catastro.

As previsións de renovación da ortofoto no SIXPAC realízase tendo en conta a planificación de produción de ortofotos establecida polo Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA), cuxa execución corresponde ao Instituto Xeográfico Nacional (IXN) conxuntamente coas comunidades autónomas.

No ano 2007 non se produciu en Galicia ningunha renovación do SIXPAC por este motivo, pero neste ano asinou un convenio entre o FEGA e a Comunidade Autónoma de Galicia para mellorar a resolución das ortoimaxes previstas no PNOA en Galicia para ese ano, aumentando a súa resolución de 0,5 a 0,25 metros/píxel.

Respecto ás renovacións por variacións de catastro, na actualidade é preciso distinguir dous tipos de traballos: as “renovacións por cambio de documentación catastral” e a “converxencia entre SIXPAC e catastro”. O primeiro tipo de traballo é necesario cando o parcelario catastral utilizado na constitución do SIXPAC queda desactualizado por renovación posterior do propio catastro, mentres que a converxencia pretende que no futuro desaparezan dous tipos de diferenzas na malla parcelaria que son independentes da primeira causa: as distorsións debidas á utilización de distintas ortofotos nun e noutro sistema e o atraso na incorporación ao SIXPAC de cambios puntuais debidos ao mantemento diario do catastro.

No inicio do ano 2007 integráronse no SIXPAC de Galicia os 23 concellos renovados por actualización da malla catastral que se relacionan no cadro 5.4 (que se utilizaron xa nas declaracións desa campaña) e durante ese ano continuouse cos traballos de renovación de 22 concellos adicionais.

Nome provincia	Código prov.	Código cat.	Código INE	Nome concello
A Coruña	15	7	7	A Baña
A Coruña	15	19	19	Carballo
A Coruña	15	22	22	Cedeira
A Coruña	15	41	40	Laxe
A Coruña	15	57	56	Negreira
A Coruña	15	62	61	Ortigueira
Ourense	32	2	1	Allariz
Ourense	32	25	24	Celanova
Ourense	32	69	68	Ramirás
Ourense	32	900	54	Ourense
Pontevedra	36	56	56	Valga
Pontevedra	36	900	38	Pontevedra

Cadro 5.4
Concellos renovados por cambio da malla catastral e integrados no SIXPAC. Campaña 2007

O 8 de novembro de 2007 asinou un convenio de colaboración entre o FEGA e a Dirección Xeral de Catastro para acadar a converxencia entre o SIXPAC e o catastro, segundo a metodoloxía inicial que recolle o propio texto do convenio. Para tal fin iniciouse un proxecto piloto que inclúe 250 concellos, 21 dos cales son galegos.

Outras actuacións en relación co SIXPAC

Un caso particular na actualización da información contida no SIXPAC é a relativa aos recintos con uso de viñado. Durante o ano 2007 o FEGA realizou un estudo piloto para definir un procedemento de actualización dese uso e de identificación do rexistro vitícola na base gráfica do SIXPAC, cuxos resultados deron lugar á definición da metodoloxía correspondente.

Finalmente, de acordo coas normas establecidas para ese efecto pola mesa de coordinación do SIXPAC, o FOGGA tramitou as solicitudes de cesión de ortofotos SIXPAC presentadas na Comunidade Autónoma de Galicia durante este ano, que se resumen no cadro seguinte.

Cadro 5.5
Autorizacións de cesión de ortofotos SIXPAC a organismos da Administración. Ano 2007

Organismos	Número
Administración autonómica	17
Administración xeral do Estado	1
Administración local	16
Universidade	7
Outros	5
Total	46

As demandas recibidas no FOGGA das ortofotos e outros datos SIXPAC, así como o uso que se está facendo do visor na internet por parte de todo tipo de usuarios, evidencian que a transcendencia do SIXPAC supera o ámbito da xestión das axudas da PAC.



XESTIÓN ECONÓMICA

6.1. XESTIÓN DO ORZAMENTO

6.1.1. ORZAMENTO DE GASTOS. LIQUIDACIÓN

O estado de execución do orzamento de gastos do Fogga (Servizo 11.90. Fondo Galego de Garantía Agraria), programa 713 F: Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores, ao 31/12/2007 é o establecido no cadro 6-1, precisándose, no cadro 6-2 seguinte, o estado de execución dos seus capítulos VI e VII.

Cadro 6.1
Execución do orzamento de
gastos

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións orzamentarias	Créditos vixentes	Obrigas	Remanente dispoñible
Capítulo I: Gastos de personal	3.651.121,00	183.006,65	3.834.127,65	3.820.912,15	13.215,50
Capítulo II: Gastos en bens correntes e servizos	912.699,00	-256.082,31	656.586,69	651.632,69	4.954,00
Capítulo IV: Transferencias correntes	196.007,00	427.500,80	623.507,80	623.507,80	0,00
- A Xenética Fontao	196.007,00		196.007,00	196.007,00	
- ACA de Galicia		427.500,80	427.500,80	427.500,80	
Capítulo VI: Investimentos reais	3.033.491,00	-17.353,34	3.016.137,66	2.798.035,42	218.102,24
Capítulo VII: Transferencias de Capital	55.774.187,00	103.914.796,35	159.688.983,35	152.115.830,26	7.212.748,09
- A empresas	55.413.782,00	103.914.796,35	159.328.578,35	152.115.830,26	7.212.748,09
- A Xenética Fontao	360.405,00		360.405,00	360.405,00	
Total	63.567.475,00	104.251.868,15	167.819.343,15	160.370.323,32	7.449.019,83

A porcentaxe de execución do orzamento de gastos foi do 95,56 %

	Proxecto	Clasif. econ.	Créditos iniciais	Modificac.	Créditos defin.	Obrigas	Reman.	Mod. Finan.	
INVESTIMENTOS REAIS									
Adquisicións vehículos	2002 09801	624,1	20.000,00		20.000,00	20.000,00	0,00		Fdos propios
Adquisicións mobiliario	2002 09802	625,1	30.000,00		30.000,00	30.000,00	1.594,41		Fdos propios
Equipos proc. informac.	2002 09800	626,1	46.000,00	14.000,00	60.000,00	46.000,00	34,96		Fdos propios
Reformas edificios	2001 09004	632,1	30.000,00	-30.000,00	0,00	30.000,00	0,00		Fdos propios
Inmovil inmaterial	2001 09006	640,1	2.907.491,00	-14.000,00	2.893.491,00	2.907.491,00	216.472,87		Fdos propios
Identificación parc.		640,1		12.646,66			0,00		Fdos finalistas
TOTAL CAP. VI			3.033.491,00	-17.353,34	3.016.137,66	3.033.491,00	218.102,24		
TRANSFERENCIAS CAPITAL									
A Xenética Fontao S.A.	2002 09701	740,1	360.405,00	0	360.405,00	360.405,00	0,00		Fdos propios
Axudas PAC	2002 09702	779,0	11.277.650,00	-5.582.082,91	5.695.567,09	11.277.650,00	954.165,85		FEAGA
Superficies							570.035,27		
Forraxes desecadas							10.000,00		
Restitución sector cereais							24.498,56		
Dest. voluntaria e obrigator.							126.453,28		
Leite para escolares							223.178,74		
Primas Gandeiras	2002 09707	779,1	44.136.132,00	109.496.879,26	153.633.011,26	44.136.132,00	6.258.582,24		FEAGA
TOTAL CAP. VII			55.774.187,00	103.914.796,35	159.688.983,36	55.774.187,00	7.212.748,09		
TOTAL CAP. VI e VII			58.807.678,00	103.897.443,01	162.705.121,01	58.807.678,00	7.430.850,33		

Cadro 6.2
Execución do orzamento ao
31-12-2007. Capítulos VI e VII

6.1.2. MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Con respecto aos créditos iniciais, as modificacións orzamentarias aprobadas no exercicio ascenderon a un total de 104.251.868,15 euros, conforme o detalle dos cadros 6-3 e 6-4, e que se especifican individualmente a continuación dos cadros.

Capítulos	Ampliacións Incorporac.	Baixas	Transfer. positivas	Transfer. negativas	Total	
1. Gastos de persoal	243.006,65	-60.000,00	16.122,00	-16.122,00	183.006,65	
Cotas Seguridade Social	120.000,00	-60.000,00			60.000,00	
Comp. específico e de funcións e IPC galego	85.707,90				85.707,90	
Incremento complemento específico	37.298,75				37.298,75	
Plus funcións persoal laboral eventual 2006			8.500,00	-8.500,00	0,00	
Dotar plus perigosidade e acción social			7.322,00	-7.322,00	0,00	
Dotar acción social			300,00	-300,00	0,00	
2. Gastos bens correntes		-256.082,31	3.200,00	-3.200,00	-256.082,31	
Financiamento cotas Seguridade Social		-30.000,00				
Financiamento gastos común C. Presidencia		-226.082,31				
Aluger fotocopiadoras			3.200,00	-3.200,00		
4. Transferencias correntes	427.500,80				427.500,80	
Devolución remanente Tesourería 2006	427.500,80				427.500,80	
6. Investimentos reais	12.646,66	-30.000,00	14.000,00	-14.000,00	-17.353,34	
Sistemas identificación parcelas	12.646,66				12.646,66	
Financiamento cotas Seguridade Social		-30.000,00			-30.000,00	
Adquisición material informático			14.000,00	-14.000,00	0,00	
7. Transferencias capital	103.914.796,35				103.914.796,35	
Axudas a produtores PAC	103.914.796,35				103.914.796,35	
Total	104.597.950,46	-346.082,31	33.322,00	-33.322,00	104.251.868,15	

Cadro 6.3
Modificacións orzamentarias

Cadro 6.4
Detalle das modificacións orza-
mentarias

Nº Expediente	Data da aprobación	Clase de modificación	Importe	Clasificac. Económica	Importe
TR-11-90-001-07	19/01/07	Tranfer. negativa	-7.322,00	130.00	-7.322,00
		Tranfer. positiva	7.322,00	130.02	955
				162.04	6.367,00
IC-11-90-001-07	13/04/07	Incorpor. crédito	15.583.856,95	779.0	3.217.917,09
				640.1	12.646,66
				779.1	12.353.293,20
TR-11-90-002-07	09/02/07	Tranfer. negativa	-8.500,00	120.00	-8.500,00
		Transfer. positiva	8.500,00	131.00	8.500,00
AM-00-00-001-07	13/02/07	Ampliación de crédito	85.707,90	121	58.688,12
				130	10.459,27
				160.00	16.560,51
TR-11-90-003-07	14/03/07	Transfer. negativa	-3.200,00	220.01	-3.200,00
		Transfer. positiva	3.200,00	203	3.200,00
TR-11-90-004-07	15/06/07	Transfer. negativa	-14.000,00	640.1	-14.000,00
		Transfer. positiva	14.000,00	626.1	14.000,00
AM-00-00-002-07	25/09/07	Ampliación de crédito	37.298,75	121	28.415,53
				130	2.883,22
				160	6.000,00
AM-00-00-001-06	18/04/06	Transfer. negativa	-300	120.00	-300
		Transfer. positiva	300	162.04	300
AM-11-90-001-07	21/11/07	Ampliación crédito	120.000,00	160.0	120.000,00
BC-11-90-001-07	21/11/07	Baixa de crédito	-120.000,00	120.00 130.00	-60.000,00
				220.00 230	-30.000,00
				632.00	-30.000,00
AM-11-90-002-07	30/11/07	Ampliación crédito	88.343.586,06	7791	88.343.586,06
AM-11-90-003-07	04/12/07	Ampliación crédito	427.500,80	450.0	427.500,80
BC-00-00-002-07	29/11/07	Baixa de crédito	-226.082,31	220 230 227	-226.082,31
				221 212	
Total			104.251.868,15		104.251.868,15

Dentro das ditas modificacións, podemos establecer a clasificación entre aquelas que supoñen un incremento dos créditos iniciais, aquelas que supoñen unha diminución e as que non supoñen incremento nin diminución:

A) Modificacións que supoñen un incremento dos créditos inicialmente aprobados

1) Incorporación de crédito por un importe de 15.583.856,95 euros, aprobada o 13/04/2007, dos cales 15.571.210,29 euros son créditos FEAGA 100% e 12.646,66 euros son transferencias finalistas do Estado relativos ao proxecto de identificación de parcelas agrícolas.

2) Ampliación de crédito por un importe de 85.707,90 euros, no capítulo I do orzamento de gastos, aprobada o 13/02/07, tramitada de oficio pola Dirección Xeral de Orzamentos, e para dar cumprimento ao Acordo do Consello da Xunta con data 9/11/2006, relativo ás subas dos complementos específicos e ao complemento de funcións do persoal laboral, que tal e como se especifica no dito acordo experimentarán no exercicio 2007 unha suba do 1,50%.

3) Ampliación de crédito por importe de 37.298,75€, no capítulo I do orzamento de gastos, tramitada de oficio pola Dirección Xeral de Orzamentos para dar cumprimento á Lei 14/2006, do 28 de decembro, que establece, no seu artigo 12, un incremento salarial do 1% que se distribuirá na forma que se determine regulamentariamente e que se destinará

ao aumento do complemento específico. A Orde da Consellería de Economía do 15 de xuño de 2007 regula as contías que se van percibir nas mensualidades de xuño e decembro.

4) Ampliación de crédito por un importe de 120.000 euros, aprobada con data do 21/11/2007, co obxecto de atender as obrigas de preceptivo cumprimento polo concepto de cotas sociais seguridade social. Esta ampliación financiose con baixas de crédito nos capítulos I II e VI.

5) Ampliación de crédito por un importe de 88.343.586,06 euros, aprobada o 27/11/07, (créditos FEAGA 100%), coa finalidade de afrontar os pagamentos de primas gandeiras, prima láctea e pagamento único 2007.

6) Ampliación de crédito por un importe de 427.500,80 euros, na aplicación orzamentaria 11.90.713F.410.0 transferencias correntes á Comunidade Autónoma de Galicia, financiada co remanente de tesouraría do exercicio 2006, xustificada pola obrigatoriedade de proceder á súa devolución, ao amparo do previsto no artigo 10 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2007.

B) Modificacións que supoñen unha diminución nos créditos inicialmente aprobados

1) Baixa de crédito no capítulo I por un importe de 60.000€ no capítulo II por un importe de 30.000€e, por último, no capítulo VI, na aplicación orzamentaria 11.90.713F. 632.1 por importe de 30.000€, co obxecto de financiar a ampliación de crédito no capítulo I para cotas da seguridade social polo importe de 120.000€

2) Baixa de crédito no capítulo II do orzamento de gastos por un importe de 226.082,31 euros como consecuencia dunha baixa de crédito polo mesmo importe na aplicación 11.04.713F.410.0 transferencias de capital ao FOGGA, co obxecto de financiar unha ampliación de crédito no capítulo II do orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, para proceder a xestionar a repartición dos gastos por servizos e subministracións comúns en función dos espazos adscritos pola Consellería de Economía e Facenda nos edificios de dominio público da Xunta de Galicia.

C) Modificacións que non supoñen incremento nin diminución dos créditos iniciais (transferencias de crédito) polos seguintes importes

➤ 7.322,00 euros: autorizada o 19/01/07, coa finalidade de adecuar os créditos orzamentarios ás obrigas recoñecidas en materia de persoal, polo que se incrementou en 6.367,00 euros o concepto 162.04 para o pagamento de axudas por fillos diminuídos así como a gratificación á que se refire o art. 34.2 do IV Convenio Colectivo Único a un funcionario destinado no Servizo Provincial do FOGGA en Lugo; así mesmo o concepto 130.02 incrementouse en 955,00 euros para atender o pagamento dos pluses de perigosidade e penosidade ao persoal laboral dependente do organismo, financiado con remanentes do capítulo I.

➤ 3.200,00 euros: no concepto orzamentario 203, que xunto ao crédito existente no mesmo concepto, proceder á contratación da subministración consistente no aluguer e mantemento de catro fotocopiadoras, por un período de 4 anos; financiado con remanentes doutros conceptos do capítulo II.

► 8.500,00 euros, aprobada o 09/02/2007, entre conceptos do capítulo I, para o pagamento do complemento de funcións a diverso persoal laboral eventual ao que non se lle aboou o mesmo no ano.2006, tendo dereito a percepción deste.

► 14.000,00 euros, no concepto 626, co obxecto de proceder á adquisición de ordenadores persoais.

► 300,00 euros, entre conceptos do capítulo I, positiva no concepto 162.04 para o pagamento de axudas por diminuídos físicos e psíquicos, en aplicación do previsto no artigo 35 do IV Convenio Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia

6.1.3. TESOURARÍA

A Secretaría do FOGGA realizou as operacións de contabilidade e tesouraría do organismo. Os pagamentos realizados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias, con cargo ás contas do organismo (Operativa, FEAGA, FEADER, MAPA-Xunta e Intervención de mercados), ascenderon a 231.031.844,85 euros e o número de pagamentos foi de 940, co seguinte detalle:

Cadro 6.5
Pagamentos orzamentarios
extraordinarios

Pagamentos	Nº pagos	Importe (€)
Orzamentarios (Eercicio corrente e anteriores)	323	158.916.158,44
Extraorzamentarios	617	72.115.686,41
FEAGA		
FEADER		
Operacións intervencións de mercados		
Total	940	231.031.844,85

6.2. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

6.2.1. CONTRATOS E SUBMINISTRACIÓN

Obxecto do contrato	Adquisición dun vehículo
Sistema de execución	Procedemento negociado sen publicidade
Orzamento	20.600,00€
Importe adxudicación	20.600,00€
Adxudicatario	Noyamóvil, SL

Obxecto do contrato	Adquisición de ordenadores persoais
Sistema de execución	Concurso procedemento aberto
Orzamento	38.000,00€
Importe adxudicación	36.980,00€
Adxudicatario	ARCHY SIGA INFORMÁTICA SL.

Obxecto do contrato	Aluguer e mantemento de catro fotocopiadoras (4 anos)
Sistema de execución	Concurso, procedemento aberto
Orzamento	53.760,00€
Importe adxudicación	36.389,27€
Adxudicatario	Nea F3 Ibérica SL.

6.2.2. CONTRATOS DE SERVICIOS E ASISTENCIAS

Obxecto do contrato	Proxecto de servizos técnicos denominado "Xestión das axudas do programa de actuacións para a aplicación en Galicia da PAC"
Sistema de execución	Por Administración
Adxudicatario	TRAGSA
Importe adxudicación	1.132.899,41€

Obxecto do contrato	Proxecto de servizos técnicos denominado "Reforzo comarcal para a aplicación en Galicia da PAC"
Sistema de execución	Por Administración
Adxudicatario	TRAGSA
Importe adxudicación	916.999,23€

Obxecto do contrato	Proxecto de servizos técnicos denominado "Asistencia para a xestión e a seguridade da información do organismo pagador dos fondos agrarios europeos"
Sistema de execución	Por Administración
Adxudicatario	SEAGA
Importe adxudicación	51.950,60€

Obxecto do contrato	Elaboración de datos e obtención de planos telemáticos correspondentes a controis de axudas PAC
Sistema de execución	Por Administración
Adxudicatario	Sociedade de Desenvolvemento Comarcal
Importe adxudicación	31.700,00€ repartidas nas seguintes anualidades: 2007: 17.700,00€ 2008: 14.000,00€
Obxecto do contrato	Servizo de xestión do sistema de información denominado "Sistema integrado de xestión e control das axudas no FOGGA 2007-2008
Sistema de execución	Concurso, procedemento aberto
Orzamento	580.000,00€
Importe adxudicación	550.250,00€ repartidos nos seguintes exercicios: Exercicio 2007: 260.250,00€ Exercicio 2008: 290.000,00€
Adxudicatario	Seresco, SA.
Obxecto do contrato	Realización de traballos de control sobre o terreo das solicitudes de axudas directas de PAC baseadas en superficies e indemnización compensatoria, no relativo á admisibilidade e condicionalidade, correspondentes á campaña 2007-2008
Sistema de execución	Concurso aberto, con trámite de urxencia
Orzamento licitación	242.115,19€
Importe adxudicación	230.508,34€
Adxudicatario	Esproagro enxeñería SL. (lotes nº1 e nº3)
Importe adxudicación	80.210,00€
Adxudicatario	Proyestegal SL. (lote nº2)
Importe adxudicación	72.980,34€
Adxudicatario	Nortagro SL. (lote nº4)
Importe adxudicación	77.318,00€
Importe dostraballos executados e facturados	215.354,42€
Exproagro Enxeñería	79.158,23€
Proyestegal	67.516,94€
Nortagro	68.679,25€

Rebaño de producción ovina



ORGANISMO PAGADOR DOS FONDOS EUROPEOS AGRARIOS

De conformidade co previsto nos regulamentos (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común, e 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación do anterior, en canto á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación das contas do Feaga e do Feader, o Decreto 155/2006, do 7 de setembro (DOG nº 181, do 19), polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia, constitúe ao Fondo Galego de Garantía Agraria como o organismo pagador en Galicia dos gastos financiados polo Feaga e polo Feader, logo da autorización efectuada mediante a Orde da Consellaría do Medio Rural, do 4 de outubro de 2007 (DOG nº 196, do 9).

Nos seguintes apartados sinálanse, por separado, as actuacións do FOGGA como organismo pagador do Fondo Europeo Agrario de Garantía (FEAGA), por unha parte, e como organismo pagador do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER), por outra.

7.1. FEAGA

No exercicio das funcións que lle son propias como organismo pagador, no ano natural 2007 (01/01/07 ao 31/12/07) e no exercicio FEAGA 2007 (16/10/06 ao 15/10/07), o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) tramitou a concesión das axudas con cargo ao FEAGA -fase de autorización do pagamento- agás as axudas á reestruturación e reconversión do viñedo e á apicultura tramitadas -nesa fase de autorización do pagamento- pola Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria conforme o previsto no Decreto 562/2005, do 1 de decembro.

Ademais, respecto das medidas de acompañamento previstas para o período 2000-2006 e financiadas pola sección de Garantía do FEOGA que, conforme o artigo 39 do Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño sobre o financiamento da PAC, foron pagadas no exercicio FEAGA 2007, entre o 16/10/06 e o 31/12/06, a fase de autorización das axudas correspondeulle, para a forestación, á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e para o cesamento anticipado e as axudas agroambientais, á Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, conforme o previsto no Decreto 562/2005, do 1 de decembro.

7.1.1. EXECUCIÓN E CONTABILIZACIÓN

No tocante á execución e contabilización do pagamento, a Secretaría do FOGGA realizou as de todas as axudas FEAGA, que ascenden a 158.006.583,78 euros no exercicio orzamentario FEAGA 2007 (que abrangue do 16 de outubro de 2006 ao 15 de outubro de 2007) e a 155.357.697,09 euros, se temos en conta o período orzamentario correspondente ao ano natural, isto é, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2007, coa desagregación reflectida nos cadros e gráficos seguintes:

Exercicio FEAGA 2007 (16 - 10 - 2006/ 15 - 10 - 2007)		
Intervencións mercados agrícolas	Intervencións de amidón	8.001,44
	Aceite de oliva (utilización en conservas)	75.420,40
	Destilación de viño	247.797,75
	Reestruturación e reconversión do viñado	3.906.435,64
	Leite para escolares	410.162,23
	Apicultura (axuda específica)	158.736,00
	Medidas excepcionais (ovos e carne aves de curral)	231.665,80
	Intervencións en mercados agrícolas	5.038.219,26
Axudas directas	Réxime de pagamento único	99.633.401,26
	Cultivos herbáceos	4.335.223,56
	Vacún	34.016.759,35
	Ovino e cabrún	1.836.421,86
	Leite e produtos lácteos	7.645.958,45
	Modulación	3.901.502,34
	Condicionalidade	-436,30
	Axudas directas	151.368.830,52
Desenvolvemento rural	Xubilación anticipada	1.251.191,57
	Medidas agroambientais	3.314,12
	Silvicultura	425.450,27
Desenvolvemento rural	1.679.955,96	
	Importes pagados e recuperados	-80.421,96
Total exercicio FEAGA 2007		158.006.583,78

Cadro 7.1
Pagamentos do exercicio FEAGA 2007





Gráfico 7.1
Pagamentos do exercicio FEAGA 2007. Porcentaxes

Cadro 7.2
Pagamentos FEAGA do ano
natural 2007

Ano natural 2007 (01 - 01 - 2007/ 31 - 12 - 2007)		Euros (€)
Intervencións mercados agrícolas	Intervencións de amidón	8.001,44
	Destilación de viño	114.113,81
	Reestruturación e reconversión do viñedo	3.287.127,43
	Leite para escolares	226.925,97
	Apicultura (axuda específica)	158.736,00
	Medidas excepcionais (ovos e carne aves de curral)	231.665,80
	Intervencións en mercados agrícolas	4.026.570,45
Axudas directas	Réxime de pagamento único	98.944.005,42
	Cultivos herbáceos	4.428.690,81
	Vacún	33.836.015,30
	Ovino e cabrún	1.646.183,44
	Leite e produtos lácteos	8.752.812,29
	Modulación	3.903.060,80
	Condicionabilidade	-150,94
	Axudas directas	151.510.617,12
Desenvolvemento rural	Xubilación anticipada	-10.327,08
	Medidas agroambientais	-50.334,88
	Silvicultura	-2.519,69
Desenvolvemento rural	-63.181,65	
	Importes pagados e recuperados	-116.308,83
Total ano natural 2007		155.357.697,09

Gráfico 7.2
Pagamentos FEAGA do ano
natural 2007. Porcentaxes



7.1.2. RELACIÓN CO FONDO FONDO ESPAÑOL DE GARANTÍA AGRARIA (FEGA) NA SÚA CALIDADE DE ÓRGANO DE COORDINACIÓN

Conforme o disposto nos Reais decretos 327/2003, do 14 de marzo, e 521/2006, do 28 de abril, polos que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas, o Fondo Europeo de Garantía Agraria (FEGA) actuará como organismo de coordinación de todos os pagamentos procedentes do FEAGA e do FEADER en España e, en consecuencia, encárgase de centralizar a información que se debe poñer a disposición da Comisión Europea e de fomentar a aplicación harmonizada das disposicións comunitarias.

As comunicacións entre o FOGGA e o FEGA efectuáronse ordinariamente a través do sistema de transmisión EDITRAN en formato MIC de acordo cos modelos detallados no Manual de Coordinación Financeira do FEGA.

As actuacións en materia de fondos FEAGA do FOGGA con respecto ao organismo de coordinación, concrétase nos seguintes envíos:

- › Peticións de fondos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC
- › Comunicación de pagamentos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC
- › Resumo de pagamentos por capítulos, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC
- › Estados de tesouraría, con periodicidade mensual
- › Cadro 104, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC
- › Programación financeira bimensual, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC
- › Cadro de desviacións, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC
- › Cadro pagamentos fóra de prazo, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC
- › Comunicación de irregularidades, con periodicidade trimestral, no formato ficheiro CFFMIC
- › Cadro 106, con periodicidade semestral, no formato ficheiro EXCEL
- › Cadro 107, con periodicidade semestral, no formato ficheiro EXCEL
- › Cadro 108, con periodicidade semestral, no formato ficheiro EXCEL
- › Cadro das X, coa información pagamentos-titulares, con periodicidade mensual, no formato ficheiro BDCMIC

7.1.3. RELACIÓNS COA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E DO TESOURO

O FOGGA relacionase coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro co fin de coordinar os pagamentos, tanto os procedentes do FEGA que chegaban á conta do Tesouro como os MAPA/Xunta que cofinancian no seu caso os fondos FEOGA-Garantía ou FEAGA.

Así, o FOGGA comunícalle á dita Dirección Xeral, semanalmente, os importes dos fondos solicitados ao FEGA e o importe e número dos documentos contables con fase K.

Ao mesmo tempo, unha vez recibidos tales fondos, solicitouse que os ingresasen nunha conta do FOGGA, dende a que se transferiron aos beneficiarios das axudas.

7.1.4 RELACIÓNS COA INTERVENCIÓN DELEGADA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Con respecto ás axudas xestionadas polo FOGGA, semanalmente expedíuselle á intervención delegada, unha certificación das obrigas contraídas no orzamento de gastos do FOGGA, para que se puidesen contabilizar os documentos contables ADOK con cargo á aplicación orzamentaria: 11.04.713F.731.0 do presuposto de gastos da Consellería do Medio Rural.

› En canto ás axudas nas que a fase de autorización non está residenciada no FOGGA, tramitáronse os correspondentes documentos contables extraorxamentarios MP para poder executar o pagamento aos beneficiarios.

► Todas as relacións de transferencias para facer efectivo o pagamento aos beneficiarios foron obxecto de intervención formal e material do pagamento.

7.1.5. RELACIÓNS COAS ENTIDADES FINANCEIRAS COLABORADORAS

Diariamente a entidade financeira envíalle ao FOGGA a información relativa ao movemento das contas correntes, nas que se cargaron as ordes de transferencia para o pagamento das axudas.

Nas semanas que se realizan os pagamentos, o FOGGA envíalle electronicamente á entidade financeira os ficheiros de pagamento no formato CSB34.

► Por outra banda, ao final do exercicio renumeráronse as contas bancarias, FEAGA e MAPA-XUNTA que o FOGGA mantén aberta na entidade financeira BBVA.

7.1.6. GASTOS DE INTERVENCIÓN DE MERCADOS

Ademais, en canto ás entradas dos produtos en réxime de intervención de mercados, as entidades financeiras certificaron mensualmente o saldo existente nas devanditas contas e diariamente o FOGGA pode consultar os movementos bancarios vía electrónica.

7.2. FEADER

Considerando a distribución competencial entre os distintos centros directivos da Consellaría do Medio Rural establecida no Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría do Medio Rural e do FOGGA, e a súa adaptación ás funcións do organismo pagador, o artigo 1.2 do Decreto 155/2006, de acordo co anexo I.1.c) do Regulamento 885/2006, permite que a execución de determinadas tarefas do organismo pagador poidan ser delegadas, precisando que a delegación de funcións deberá instrumentarse a través de resolucións que especifiquen as atribucións e obrigas dos órganos delegante e delegado.

Con data do 7 de marzo de 2007 ditáronse as resolucións polas que se establecen as condicións de delegación das funcións de autorización dos pagamentos financiados polos fondos agrarios europeos, incluíndo o FEADER, polo que a dita función de autorización dos pagamentos atópase delegada nos respectivos centros directivos da Consellaría do Medio Rural que xestionan medidas FEADER incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013.

7.2.1. EXECUCIÓN E CONTABILIZACIÓN


O primeiro pagamento FEADER declarado polo organismo pagador (11.429.381,43€) efectuouse o 28/12/07 (exercicio 2008) e corresponde ao reembolso dos pagamentos efectuados polos distintos xestores durante o exercicio 2007, con

anterioridade á aprobación do Programa de desenvolvemento rural de Galicia, coa desagregación reflectida no cadro e gráfico seguintes:

Ano natural 2007	Euros (€)
113 Xubilación anticipada	7.554.548,38
Total eixo 1	7.554.548,38
214 Axudas agroambientais	2.440.121,06
221 Primeira forestación de terras agrícolas	880.937,59
223 Primeira forestación de terras non agrícolas	18.209,68
226 Recuperación do potencial forestal e medidas preventivas	490.415,63
Total eixo 2	3.829.683,96
323 Conservación e mellora do patrimonio cultural	45.149,09
Total eixo 3	45.149,09
Total xeral	11.429.381,43

Cadro 7.3
Pagamentos FEADER do ano natural 2007

Pagamentos FEADER (%)



- Xubilación anticipada (66,10 %)
- Axudas agroambientais (21,35 %)
- Primeira forestación de terras agrícolas (7,71 %)
- Primeira forestación de terras non agrícolas (0,16 %)
- Recuperación do potencial forestal e medidas preventivas (4,29 %)
- Conservación e mellora do patrimonio rural (0,40 %)

Gráfico 7.3
Pagamentos FEADER do ano natural 2007. Porcentaxes

7.2.2. RELACIÓNS CO FONDO ESPAÑOL DE GARANTÍA AGRARIA (FEGA) NA SÚA CALIDADE DE ÓRGANO DE COORDINACIÓN

► As comunicacións entre o FOGGA e o FEGA efectuáronse ordinariamente a través do sistema EDITRAN en formato MIC de acordo cos modelos detallados no Manual de coordinación financeira do FEGA e a través do sistema SFC2007.

► As actuacións en materia de fondos FEADER do FOGGA con respecto ao organismo de coordinación, concrétnanse nos seguintes envíos:

- Peticións de fondos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC
- Comunicacións de pagamentos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC

- Programación financeira bimensual, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC
- Estado de tesouraría, con periodicidade mensual
- Previsións anexo X R (CE) 883/2006, con periodicidade semestral, a través do sistema SFC2007
- Declaración gastos anexo XI R(Ce) 883/2006, con periodicidade trimestral, a través do sistema SFC2007

7.2.3. RELACIÓNS COA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E DO TESOURO

► Durante o ano 2007, o Tesouro da Xunta anticipou os fondos para os pagamentos a favor dos beneficiarios. Con data 28/12/07 o FOGGA realizou o primeiro reembolso de fondos FEADER a favor do Tesouro da Xunta, logo de recibidos do Fega.

7.2.4. RELACIÓNS COA INTERVENCIÓN DELEGADA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O FOGGA elaborou os documentos contables extraorxamentarios MP de reembolso de fondos FEADER anticipados polo Tesouro da Xunta. Os ditos documentos foron obxecto de fiscalización.

Unha vez contabilizados foi elaborada a relación de transferencias que foi obxecto de intervención formal e material do pagamento pola intervención delegada da Consellaría do Medio Rural.

7.2.5. RELACIÓNS COAS ENTIDADES FINANCEIRAS COLABORADORAS

Diariamente o FOGGA consulta vía electrónica os movementos da conta bancaria.

Nas semanas que se realizan pagamentos, o FOGGA envía electronicamente os ficheiros dos pagamentos no formato Q34.

7.3. COORDINACIÓN FINANCEIRA E DE PROCEDIMENTOS

7.3.1. COORDINACIÓN COAS SUBDIRECCIÓNS XERAIS XESTORAS

A Secretaría do FOGGA recibiu as comunicacións semanais das distintas subdireccións xestoras, en canto a necesidades de financiamento, para facer fronte ao pagamento do importe das axudas FEAGA e das medidas FEADER, xa fiscalizados e contabilizados os oportunos documentos ("ADOK", "OK" con cargo ao orzamento da Consellaría do Medio Rural, "DOK" para as que xestiona o FOGGA), baseándose nas cales elaborou as comunicacións remitidas á Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro e ao FEGA para a petición dos fondos FEAGA e FEADER necesarios.

Por outra banda, a Secretaría do FOGGA, despois de asistir ás reunións de coordinación de organismos pagadores no FEGA (coordinación de fondos agrícolas e coordinación de desenvolvemento rural), efectúa coas subdireccións xerais xestoras reunións de coordinación internas con carácter periódico.

7.3.2. COORDINACIÓN COA SUBDIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS

De acordo coa Resolución conxunta da Dirección Xeral de Orzamentos e da Intervención Xeral da comunidade autónoma do 28 de decembro de 2006, pola que se ditan instrucións para a aplicación da Orde do 19 de decembro de 2006, que modifica a do 27 de xullo de 2000, sobre desenvolvemento de xestión orzamentaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital a Secretaría do FOGGA comunica semanalmente á Dirección Xeral de Orzamentos os ingresos e pagamentos FEAGA e FEADER con cargo aos fondos solicitados ao FEGA.

7.3.3. COORDINACIÓN COA AUDITORÍA DAS CONTAS FEAGA E FEADER

As contas do FEAGA e, a partir do exercicio 2008, do FEADER, teñen que estar certificadas pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, como o organismo de certificación das contas do organismo pagador. A dita certificación baséase no traballo de auditoría que, anualmente, efectúa unha empresa auditora contratada para o efecto pola dita Intervención Xeral.

A auditoría efectúase de acordo coas normas de auditoría admitidas internacionalmente e conforme o artigo 3 do Regulamento (CE) 1663/1995, da Comisión, e é executada co fin de obter garantías suficientes de que as contas FEAGA e FEADER transmitidas á comisión están exentas de erros, e que os pagamentos son conformes coa normativa europea no que se refire á capacidade do organismo pagador para garantir que a dita conformidade foi comprobada antes de efectuar os pagamentos.

As relacións entre a firma auditora e as distintas unidades xestoras e as que participan na función de autorización do organismo pagador son coordinadas dende a Secretaría do FOGGA.

Para a rendición da conta anual de exercicio orzamentario FEAGA 2007, o FOGGA envioulle ao FEGA a seguinte documentación e ficheiros que se detallan a continuación:

1º) Dous exemplares en soporte papel debidamente asinados polo director do FOGGA:

- › Resumo de gastos por partida e subpartida FEAGA
- › Cadro de diferenzas entre a conta anual e o último cadro 104 FEAGA
- › Cadros 1, 2 e 5 ao final do exercicio FEAGA
- › Cadros 106, 107 e 108, ano de retención 2004 e 2005, ao final do exercicio
- › Declaración de fiabilidade.

2º) A través de Editran:

- › Ficheiro 11RC2007121501.xls: Resumo de gastos por partida e subpartida
- › Ficheiro 11RE2007121501.xls: Cadro de diferenzas entre a conta anual e o último cadro 104
- › Ficheiro 11C12007121503: Cadro 1 - Resumo dos procedementos de recuperación relativos ás irregularidades do FEAGA no último exercicio financeiro: procedementos administrativos

- Ficheiro 11C22007121502: Cadro 2 - Resumo dos procedementos de recuperación relativos ás irregularidades do FEAGA no último exercicio financeiro: procedementos xudiciais
- Ficheiro no formato CFFMIC 11A32007121501.txt: Cadro 5 - Importes de casos individuais vinculados a irregularidades do FEAGA

3º) CD-ROM: IT11_FOGGA

- Oficio de envío ao FEAGA no ficheiro Cover.doc
- A declaración de fiabilidade no ficheiro assur.doc
- Resumo de gastos por partida e subpartida FEAGA no ficheiro EAGF.xls (Contén a mesma información que o ficheiro 11RC2007121501.xls enviado por EDITRAN)
- Cadro de diferenzas entre a conta anual e o último cadro 104 FEAGA no ficheiro DiffGF.xls (Contén a mesma información que o ficheiro 11RE2007121501.xls enviado por EDITRAN)
- Cadro 1 ao final do exercicio FEAGA no ficheiro T1.xls (Contén a mesma información que o ficheiro 11C12007121503 enviado por EDITRAN)
- Cadro 2 ao final do exercicio FEAGA no ficheiro T2.xls (Contén a mesma información que o ficheiro 11C22007121502 enviado por EDITRAN)
- Cadros 106, 107 e 108 no ficheiro modulación.xls

7.3.4. INVESTIGACIÓNS E VISITAS DE CONTROL

Os organismos pagadores son obxecto de periódicas investigacións e visitas de control por parte da Comisión Europea e doutras institucións co fin de verificar os procedementos específicos dos pagamentos de axudas financiadas polos fondos europeos agrarios.

Durante o ano 2007 o FOGGA recibiu dúas visitas de control do Tribunal de Contas Europeo, de fiscalización no contexto da declaración de fiabilidade relativa ao exercicio 2006 (DAS 2006): auditoría financeira do FEOGA-Garantía e doutras accións agrícolas; a primeira durante os días 22 a 26 de xaneiro de 2007 e a segunda, durante os días 21 e 22 de marzo de 2007. Ademais, ao longo do ano o FEAGA, na súa condición de organismo de coordinación, solicitalle ao FOGGA que achegue determinada documentación e información, en relación con diversas investigacións da Comisión Europea -principalmente, no contexto da liquidación de contas de conformidade, a que se refire o artigo 31 do Regulamento 1290/2005-, ou doutros organismos comunitarios.

08

Queixo do Cebreiro



ACTUACIÓN DE APOIO E ASESORAMENTO ADMINISTRATIVO

8.1. ASESORAMENTO, ESTUDOS E INFORMACIÓN

Neste ámbito, a Secretaría do Fogga, a través do seu servizo de Xestión Administrativa, desenvolveu funcións de asesoramento e informe ás diferentes consultas formuladas polos servizos e unidades do organismo (centrais e provinciais) sobre cuestións na súa maior parte técnico-xurídicas, e entre as que destacan as consultas relativas á interpretación e aplicación (temporal e espacial) das normas que, de xeito directo ou indirecto, resultan de aplicación ao Fogga no desenvolvemento das súas competencias.

Tamén se elaboraron informes dando resposta ás solicitudes de información e requirimentos formuladas por organismos e institucións alleas ao Fogga.

8.2. NORMATIVA: ELABORACIÓN E PUBLICACIÓN

En relación coas actuacións en materia normativa, o Fogga realizou labores de estudo, elaboración e preparación de todas as resolucións de convocatoria de axudas xestionadas polo organismo e que foron ditadas pola Dirección do FOGGA no ámbito das súas competencias así como as ordes de axuda da Consellaría que afectan ao organismo, realizando así mesmo os trámites necesarios para a súa entrada en vigor mediante o envío á Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural para a súa posterior publicación no Diario Oficial de Galicia.

Tamén realizou labores de estudo e asesoramento cando así se requiriu para a elaboración das disposicións xerais que afectaron ao organismo.

8.3. REVISIÓN DE ACTOS

A Secretaría do FOGGA, a través do seu Servizo de Xestión Administrativa, tramita os expedientes de revisión dos actos administrativos ditados pola Dirección do FOGGA; esta revisión enténdese no seu sentido máis amplo, e comprende a tramitación de recursos administrativos (ordinarios ou extraordinarios), das reclamacións previas á vía xudicial

(civil ou laboral), das revisións de oficio (nulidade e anulabilidade), e da revogación de actos e rectificación de erros. Concretamente no ano 2007 tramitáronse 814 recursos dos que 552 son de asignación de dereitos correspondentes á campaña 2006, 39 de bovinos (5 de retirada e 34 de prima), 8 de ovino-cabrún (5 de retirada e tres de prima), 8 de prima láctea, 170 de SIXPAC e 37 de superficies.

Ademais, polo que se refire á posibilidade dunha posterior revisión dos actos na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, civil ou laboral, o Servizo de Xestión Administrativa do Fogga, prepara e remite os expedientes solicitados polos xulgados ou tribunais correspondentes, o que supón a realización de emprazamentos, notificacións e demais actuacións legalmente previstas ou requiridas, así como a remisión dos informes que en cada caso correspondan aos gabinetes xurídicos da Xunta de Galicia. Durante o ano 2007 foron remitidos á xurisdición correspondente dous expedientes.

8.4. REINTEGRO DE PAGAMENTOS INDEBIDOS: TRAMITACIÓN E COORDINACIÓN

Na salvagarda dos intereses financeiros da Unión Europea e unha vez detectados os pagamentos indebidos que se puideran producir, a Secretaría do FOGGA tramita os correspondentes procedementos para a recuperación dos importes indebidamente aboados por axudas cuxa aprobación lle corresponde ao director do Fogga ata acadar a súa devolución nas contas do organismo pagador. Durante este ano tramitáronse 4 expedientes que xa están finalizados e recuperados na súa totalidade.

Así mesmo, en relación coas axudas FEAGA ou FEADER tramitadas na Consellaría do Medio Rural e no ente público AGADER, a Secretaría do Fogga coordina as actuacións realizadas polos órganos xestores e polas unidades xurídicas correspondentes, co fin de asegurar que as cantidades indebidamente aboadas sexan recuperadas nas contas do organismo pagador de forma dilixente e efectiva e co obxecto de poder dar resposta ás solicitudes de información requiridas periodicamente polas institucións comunitarias.

No desenvolvemento destas funcións de coordinación, o Servizo de Xestión Administrativa do Fogga remitiu mensualmente recordatorios aos diferentes órganos xestores das obrigas impostas pola normativa comunitaria aplicable respecto da recuperación dos pagamentos indebidos e solicitou toda a documentación necesaria para poder levar as ditas funcións coordinadoras neste ámbito.

De acordo con isto, a Secretaría do Fogga fixo un seguimento e coordinación de 168 expedientes de reintegros de axudas FEAGA ou FEADER tramitados pola Consellaría do Medio Rural, dos que 125 están finalizados por recuperación total do indebido.

8.5. RENUNCIAS AOS PAGAMENTOS DAS AXUDAS

Ademais, o Servizo de Xestión Administrativa tramitou no ano 2007 un total de 21 renuncias instadas por beneficiarios de axudas da PAC correspondentes a distintas campañas.